

ANEXO VIII

IN856C AXUDAS PARA A CONVOCATORIA DE MISIÓNS DE ESPECIALIZACIÓN INTELIXENTE

MISIÓNS E ÁMBITOS DE TRABALLO

Misión 1: Contribuír á mitigación e adaptación do cambio climático no sector primario de Galicia, reducindo nun 10% a súa pegada (carbono, auga, ecolóxica) e mediante accións de circularidade e simbiose entre accións e rexeneración dos ecosistemas
Ámbitos de traballo:
Desenvolvemento e aplicación de novas tecnoloxías para a predición, e elaboración de escenarios que permitan o desenvolvemento e/ou adopción de solucións para a mitigación dos efectos do cambio climático nos sectores primarios de Galicia
Estratexias ou accións de datificación que contribúan ao seguimento de sistemas/ecosistemas produtivos de forma integral e faciliten a súa posterior análise
Solucións para reducir a pegada ecolóxica da actividade do sector primario galego
Actuacións cun enfoque sistémico que permitan a revalorización de subprodutos das cadeas de valor dos sectores agrícola, gandeiro, forestal, pesqueiro-acuícola e mineiro en función das relacións con outros sectores da actividade económica
Bioteecnoloxía sostible: aproveitamento da biodiversidade para o desenvolvemento de novos produtos e aplicacións en produtos farmacéuticos, cosméticos, etc.
Bioteecnoloxía e alimentación na pesca, acuicultura, gandería: novas solucións que contribúen á resiliencia fronte aos efectos do cambio climático, así como á redución da pegada
Actuacións para a xestión e optimización do aproveitamento dos recursos hídricos e do uso do solo

Misión 2: Contribuír á redución nun 57% das emisións de gases de efecto invernadoiro en Galicia para o ano 2030 e á sostibilidade na matriz produtiva a partir do incremento da reutilización de materias primas, produtos e materiais xa presentes no ciclo de produción
Ámbitos de traballo:
Proxectos de I+D+i que propoñen solucións integrais de descarbonización industrial: desenvolvemento de tecnoloxías 4.0 vinculadas a procesos de descarbonización industrial
Proxectos de I+D+i que propoñen solucións integrais de descarbonización industrial: simbiose industrial en cadeas de valor e intercadeas
Proxectos de I+D+i que propoñen solucións integrais de descarbonización industrial: proxectos e tec-

noloxías de captación e almacenamento de CO2 na industria, convertendo o CO2 en produtos de alto valor engadido
Electrificación do sector enerxético
Electrificación dos procesos industriais
Proxectos e actuacións de desenvolvemento de novos materiais a partir de residuos e subprodutos: desenvolvemento de tecnoloxías de valorización de residuos industriais
Maximización do uso de fontes renovables: hidróxeno verde como vector enerxético para a mobilidade, para usos industriais
Sistemas de almacenamento de enerxía: proxectos e tecnoloxías vinculadas ao almacenamento de enerxía apoiados en tecnoloxías habilitantes (xemelgo dixital, blockchain, IA, etc.)
Desenvolvemento de tecnoloxías, solucións e/ou aplicacións enfocadas a contornas industriais multiempresas que contribúan á misión
Trazabilidade nas cadeas de valor e intercadeas mediante a aplicación de tecnoloxías 4.0

Misión 3: Contribuír, de cara ao 2030, ao aumento dos anos de vida saudable de 84 a 88, a través da redución de enfermidades ou problemas de enfermidades non transmisibles e da mellora da calidade de vida (hábitos e contornas saudables e seguras)”
Ámbitos de traballo:
Alimentación e nutrición personalizada, baseada en recursos endóxenos e atención ás necesidades específicas prevalentes en Galicia
Hábitat: dixitalización-sensorización de persoas e espazos, desenvolvemento da telemedicina
Interconexión entre servizos de saúde e servizos de coidados para o desenvolvemento de historias únicas
Bioteecnoloxía e biomedicina: desenvolvemento de produtos orientados ao mercado (alimentos, cosméticos, fármacos, etc.) cun enfoque global (materiais, formatos, deseños...)
Participación social (dixitalización, mobilidade, etc.)
Desenvolvemento total do concepto “One Health” con proxectos con impacto directo na saúde humana (reducir a existencia de bacterias resistentes aos antibióticos)